



Recomendación á consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre bonificacións e descontos no transporte público autonómico.

Expediente: L.8.Q/18712/18

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2018

Sra. conselleira:

Como coñece, segundo os artigos 13 e 16 da lei reguladora desta institución (lei 6/1984 de 5 de xuño do Valedor do Pobo), temos atribucións para iniciar e proseguir de oficio investigacións sobre actos e resolucións da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración local, supervisando os mesmos para garantir o respecto dos dereitos comprendidos no título I da Constitución Española.

#### ANTECEDENTES

As renuncias dos prestatarios dos servizos de transporte público a continuar na súa explotación, producidas logo de que o Tribunal Supremo ditara a sentenza 585/2016 do 14 de marzo do 2016, xerou a necesidade de que se adoptaran medidas urxentes a fin de que os servizos públicos de transporte regular de viaxeiros por estrada quedaran garantidos.

A posterior Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, supuxo unha aposta nidia pola adaptación do transporte á evolución social e territorial da poboación da nosa comunidade. Xunto coa demanda de mobilidade diaria en contornos urbanos se fai preciso manter un sistema de transporte público sostible nos contornos rurais, xa que nestes últimos o propio dereito á mobilidade persoal configúrase como garantía fronte ao acceso a servizos esenciais.

O reto de que cos cambios se responda á dobre necesidade de satisfacer as necesidades de mobilidade das persoas usuarias en zonas urbanas, mantendo un transporte sustentable nas rurais, sen dúbida se presenta complexo.

Esta Institución, como xa tivo ocasión de manifestar nas queixas de oficio incoadas sobre esta problemática, é consciente de que a revisión do mapa de servizos de transporte

público, o deseño e a nova planificación cara a súa adaptación ás necesidades actuais de Galicia, comporta unha serie de cambios que han ser coñecidos pola sociedade.

Por iso, resultou de utilidade que na páxina web do Plan de Transporte Público de Galicia se puxera a disposición das persoas usuarias información sobre como efectuar reservas, calendarios, expedicións, paradas e horarios das diferentes liñas dos novos contratos, así como tamén que para minimizar incidencias, os contratistas dos servizos se obriguen a divulgar material de cartelería e folletos con información de horarios nos principais centros de demanda (concellos, centros de ensinanza e de saúde, mercados, etc) incluíndo información en medios de comunicación de máxima audiencia. É dicir, que se adoptaron medidas para dar solución ás problemáticas formuladas.

A introdución das novas modalidades de prestación, como o transporte baixo demanda e a integración de servizos escolares para proporcionar cobertura ás zonas que con anterioridade carecían de liñas de transporte público, semella conxugar, a dotación do servizo de xeito regular, en relación coas localidades onde están ubicados os principais centros de destino das viaxes: centros sanitarios, de educación, administrativos ou de lecer; axustando a prestación do servizo a criterios de eficiencia económica e maximizando así mesmo o control por parte da administración para asegurar a calidade do servizo de viaxeiros.

As diferentes queixas presentadas nesta Institución, tanto individuais como colectivas relativas á supresión ou modificación de liñas ou servizos, cambios de rutas ou conexións ou falta de información sobre as novas modalidades, motivaron as solicitudes dos informes de colaboración que esa Consellería coñece. Dito isto, gustaríanos tamén significar que propiciaron a corrección das deficiencias detectadas e que maioritariamente foron atendidas e introducidas, no seu caso, nos proxectos respectivos, nun marco de viabilidade económica.

Sobre a base destas consideracións, cómpre trasladarlle agora, que se formularon ante esta Institución consultas e queixas, nas que persoas usuarias de liñas regulares ás que se lle viñan aplicando descontos na compra de viaxes a través de bonos ou reducións, ben por ser familia numerosa ou estudantes, entre outros colectivos, refiren telos perdidos.

Máis alá dos casos concretos coñecidos, esta Institución considera acorde co espírito da Lei 10/2016 antedita, que o novo sistema de transporte público universal se constitúa como alternativa ao uso do vehículo particular de xeito que se respete o medio ambiente e se contribúa á mellora da calidade de vida das persoas, polo que formularemos a recomendación que máis adiante se concretará.

## ANÁLISIS

Logo do desenvolvemento da primeira fase do Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG), semella que os novos titulares dos contratos de xestión, aludindo á súa política comercial, non ofrecen, bonos multiviaxe nin outras tarifas que contemplan descontos ou bonificacións, sendo así, que as persoas usuarias do sistema que viñan beneficiándose de reducións, agora carecen delas.

Nalgúns casos, a supresión dos descontos supuxo pasar de pagar 0,98 € a 1,40 € por traxecto, o que resulta especialmente gravoso para colectivos que empregan diariamente o transporte regular por estrada como medio habitual nos seus desprazamentos a centros de ensino, sanitarios ou de traballo, é dicir centros esenciais.

Como queira que as relacións de mobilidade relativas a contratos que non foron incluídos nos traballos de elaboración da primeira fase do PTPG, están a ser obxecto de revisión e planificación na tramitación da segunda fase que comezou coa publicación no DOG de 30 de abril, é por elo que resulta oportuno que se potencie a concepción do transporte público como alternativa sostible fronte ao transporte particular.

Entendemos dende esta institución, que unha tarificación con bonificacións, axudaría a potenciar e fomentar o uso prioritario destes servizos públicos polas persoas usuarias, e así contribuír a construír un sistema de transporte verdadeiramente respectuoso co medio ambiente, económico e eficiente. En definitiva, que segundo recolle o PTPG, se fixe a persoa usuaria como elemento central do sistema de transporte público.

O artigo 2 da Lei 10/2016, de 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, dispón como obxectivos do plan: *“facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostibilidade económico-financeira e medioambiental, fomentando e potenciando o uso prioritario do transporte público en calquera dos seus modos, facilitando a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade ás persoas, de xeito que se potencie a súa concepción como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribúa á vertebración territorial da Comunidade Autónoma”*.

O contido do Plan de transporte público de Galicia, segundo o anexo desa lei, inclúe os sistemas de tarificación que resultarán aplicables ao conxunto do sistema de transportes, e sinala: *“desenvolveranse os sistemas de tarificación, sobre modelos lineais ou zonais, os sistemas de pagamento por parte das persoas usuarias dos servizos e as posibles liñas de bonificacións orientadas á promoción da utilización do sistema de transporte público ou a finalidades de carácter social.”*

Toda vez que o Plan de Transporte Público de Galicia aspira a acadar un sistema de transporte racional e actualizado que mellore a conectividade territorial, alineando a oferta ás características e necesidades da demanda, de xeito que se fomenta o uso do transporte público á vez que se garanta a eficiencia ambiental e económica; consideramos que corresponde neste contexto temporal, propoñer, sen prexuízo do dereito nacional e comunitario de aplicación, que nos pregos de condicións que rexerán os contratos, se adopten criterios de valoración de ofertas que inclúan descontos, bonificacións ou tarifas reducidas para as persoas usuarias do sistema.

Esta Institución entende que un servizo básico como é o transporte público, cómpre que garanta tanto unha mobilidade sostible como a eficiencia ambiental e económica, e como corresponde á administración autonómica asegurar a calidade do servizo regular de transporte de viaxeiros por estrada de xeito eficiente no marco competencial e orzamentario en vigor, é por elo que semella acaído consonte ao motivado, e polo anteriormente exposto, formular a seguinte recomendación.

#### CONCLUSIÓN

Considérase necesario no exercicio da facultade atribuída a esta Institución en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a seguinte RECOMENDACIÓN:

*Que valora a conveniencia de que na segunda fase do Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG), se inclúan nos pregos de cláusulas administrativas para a contratación, criterios de valoración de ofertas que contemplan bonos multivíaxe, bonificacións ou descontos para a mocidade ou maiores de 65 anos, familias monoparentais e numerosas ou cantas tarifas reducidas se consideren acordes a finalidades de carácter social.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo,

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo